

PRELECTORES E PRIMEIROS LECTORES



A árbore da escola

Kalandraka

Con este libro achegámonos aos valores da educación medioambiental dende un ámbito escolar. Un libro para facernos pensar.



999 hermanas ranas se mudan de charca

Bárbara Fiore Editora

Este libro móstranos o poder da unión neste caso dunha familia de rás que loitan xuntas con diversos problemas. Un libro cheo de humor e tenrura.



Salgadiña a estrela de Fisterra

Urco Editora

Un libro de Anxo Moure, onde brilla o compromiso co respecto e coidado polo medio, cheo de valores e de sensibilidade.



Trik trak

Bang Ediciones

Un libro de banda deseñada para os máis pequenos. Só con viñetas. Reflexionaremos con el sobre que non se debe menosprezar a ningún pola aparencia.

LECTORES INTERMEDIOS



A marabillosa medicina de George

Edicións Xerais


Un libro do recoñecidísimo Roald Dahl, onde atopamos unha simpática historia chea de bo humor e certo grado de tolemia que encandilará a todas e todos.



Poemas birollos para ler cos ollos

Edicións Xerais

Un libro de poesía lúdico e divertido. Os poemas nacen de dúas fontes fundamentais: a poesía visual e a oralidade. Botando man do elemento gráfico para facer que os poemas se lean coma se fosen cadros.



Ariol Un burrito como tú y como yo

Editorial Harper Collins

Un libro de banda deseñada con animais de protagonistas pero que se achegan á realidade dos nenos que hai no colexio. De sinxela e divertida lectura.

LECTORES AVANZADOS



Unha casiña branca

Edicións Xerais

O libro trae unha paisaxe desoladora, onde hai contaminación por todos lados. Pero hai algo de esperanza...



Contos nerviosos

Edicións Xerais

Catro historias con catro personaxes. Cada un con algún tipo de conflito, que resolven grazas ao derrube dos propios muros creados.




Los diarios de Cereza. El zoo petrificado

Editorial Alfaguara

Nas páxinas desta novela gráfica constrúese unha historia onde a amizade, a nostalxia, o respecto, o traballo en equipo, a importancia do pasado e o valor da memoria son os principais temas a explorar. Por medio dos pasos que vai dando Cereza na súa investigación imos ir atopando lugares marabillosos con moito tras de si, así como situacións que farán pensar en moitas cousas.




LECTURAS EN INGLÉS



What's the Time, Mr. Wolf?

Bloomsbury


Este libro inspirado nun popular xogo de patio de recreo, ofrece unha maneira amena e divertida de introducir a hora en inglés aos nenos e nenas. Acompañamos ao protagonista, o Señor Lobo, dende o almorzo ata a hora de durmir.



A Taste of the Moon

Kalandraka


Este relato ofrece coa súa lectura unha poética moralexa que fala de xenerosidade, solidariedade e soños compartidos; cun pouco de humor, a que aporta unha lúa sorrinte, burlona e un pouco saltarina.



Aliens in underpants save the world

Editorial Aladdin Paperbacks

Unha historia tola e disparatada, con moitos calzóns e moitos extraterrestres. Todo está preparado para que as nenas e nenos se unan á última palabra, o que axudará a ir aprendendo vocabulario ou simplemente disfrutar o libro.



MOITO MÁIS...

DVD



Del revés (inside out)

Pixar

CD



Radio BuleBule

Kalandraka

APP




Por cuatro esquinitas de nada

Lectoringles@gmail.com



IMOS PASAR O VERÁN CUN BO LIBRO NA MAN



Recomendacións

Xuño 2018

CEIP Plurilingüe
do Camiño Inglés